

## ANUNCIO

Faise público que en sesión do 24.06.2024 o tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local incluída na OEP do 2021 do Concello de Fene, praza incluída no proceso extraordinario de estabilización previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público, nomeado por Resolución da alcaldía 1143/2023 do 27 de outubro, logo do sorteo público previsto na cláusula 11.2 das bases xerais, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.-Desestimar as alegacións presentadas por María Elvira Álvarez Salgado con base á fundamentación recollida na acta da sesión que se transcribe a continuación, ratificándose na puntuación outorgada en sesión do 29 de abril do 2024

“No prazo concedido para alegar e solicitar asistencia ao sorteo público, María Elvira Álvarez Salgado presenta alegacións considerando que debe obter 100 puntos por contar co máximo en experiencia, entendendo que en todos os postos cuxa experiencia alega se desenvolveron funcións equiparables ás dun axente de emprego e desenvolvemento local e que sempre se realizaron na Área de emprego e empresa do concello.

Acudindo ao valorado polo tribunal, obsérvase que este non considerou como funcionalmente equiparable a seguinte experiencia:

- Concello de A Coruña. Coordinador de accións. 19.05.03-24.03.04  
(funcionalmente non equiparable)  
311 días = 10 meses x 0,15pts = 1,50 pts

- Concello de A Coruña. Coordinador de accións. 28.06.04-01.10.05  
(funcionalmente non equiparable)  
461 días= 15 meses x 0,15pts = 2,25 pts

- Concello de A Coruña. Coordinador de accións. 24.01.06-26.11.07  
(funcionalmente non equiparable)  
672 días= 15 meses x 0,15pts = 2.25 pts

- Concello de A Coruña. Técnica de prospección laboral 10.10.16-31.07.19  
(funcionalmente non equiparable)  
1024 días= 34 meses x 0,15pts = 5.10 pts

- Concello de A Coruña. Técnica local de emprego 01.08.19- actualidade  
(funcionalmente non equiparable)  
1237 días= 41 meses x 0,15pts = 6.15 pts

O tribunal si considerou funcionalmente equiparable a seguinte experiencia:

- Concello de A Coruña. Axente de emprego e desenvolvemento local. 26.12.07-25.12.12  
(funcionalmente equiparable)  
1460 días= 48+1 meses x 0,55pts = 26.95 pts

- Concello de A Coruña. Axente de emprego e desenvolvemento local. 29.12.11-28.12.12  
(funcionalmente equiparable)  
366 días= 12 meses x 0,55pts = 6.6 pts

Á parte desta, a interesada alegou na súa instancia unha experiencia na Fundación Universidade da Coruña, que non pode ser valorada por tratarse de experiencia nunha institución que non está incluída no artigo 2.3 da lei 40/2015 conforme require o Anexo II.1 das bases xerais.

Para entender a motivación de considerar a meirande parte da experiencia alegada como funcionalmente non equiparable, debe acudirse aos criterios de valoración establecidos polo tribunal ao respecto.

Así, en sesión do 27.11.2023 o tribunal acordou establecer unha serie de criterios interpretativos das bases reguladoras do proceso e no que a experiencia funcionalmente equiparable en concreto acordou:

“-Para a valoración da experiencia en postos equivalentes atenderase a que os **postos** sexan funcionalmente equiparables/asimilables atendendo ás funcións do posto da vacante convocada na RPT do Concello de Fene e da Unidade á que está adscrito. A tal efecto terase en consideración o que di a RPT:

**“08. DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO**

Este departamento responsabilizarase da posta en marcha, xestión e tutela das actuacións necesarias para lograr o obxectivo final do desenvolvemento local, o fomento do emprego e a promoción económica no eido municipal.

**Este obxectivo xeral traducirase nunha serie de tarefas concretas que, a modo de resumo, e sen ánimo exhaustivo, a continuación se sinalan;**

- Promover accións de promoción socioeconómica para colectivos con especiais dificultades de reinserción socio-laboral, en coordinación cos Servizos de Asistencia Social.
- Asumir a búsqueda, solicitude, xestión e tramitación de todo tipo de subvencións.
- Promover actuacións que potencien a competitividade do tecido empresarial /comercial do Concello.
- Desenvolver estudos, proxectos e actividades de mellora para institucións, organismos e empresas.
- Realizar Estudos de Mercado Laboral e Formación.
- Levar a cabo Proxectos de Orientación e Información Profesional.
- Participar en Programas de Desenvolvemento Local e Comarcal. Neste senso buscará a combinación de fórmulas asociativas ou consorciais con outras Administracións Públicas ou entidades sen ánimo de lucro dirixidas a mellorar a xestión das súas competencias e acceso ás devanditas liñas de axudas ou subvencións.
- Levar a cabo e xestionar Programas de Formación Ocupacional para desempregados así como Programas de Formación Continua para traballadores en activo e empresas.
- Potenciar e desenvolver calquera acción tendente á consolidación e expansión de empresas xa existentes, así como a aparición doutras novas creadoras de emprego, traballo e benestar social.
- Colaborar con Institucións e cos Axentes Sociais (sindicatos e asociacións de empresarios) para a posta en marcha de proxectos de interese para o entorno.
- Solicitar a cualificación e inscrición a aqueles organismos públicos que conveñan a fin de asegurar a participación do Concello en programas e concursos públicos de interese.
- Canalizar e investigar procedementos de acción e facer viables determinadas iniciativas municipais acordes cos obxectivos que se relacionan.
- En xeral, todas aquelas actuacións que se consideren convenientes para a potenciación do desenvolvemento local, dentro do eido competencial propio.
- Realización daqueloutras tarefas que entren dentro do eido competencial da unidade e sexan propias da capacitación profesional do persoal adscrito.

C-0  
096  
150  
P-  
F:  
C.I.

<b>CÓDIGO</b>	08.00.00.01
<b>DENOMINACIÓN</b>	AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL
<b>ÁREA DE ADSCRICIÓN</b>	DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO
<b>TIPO DE PERSOAL</b>	L

<b>CATEGORÍA</b>	S.C.
<b>GRUPO</b>	EQUIV. A2
<b>FUNCIÓN</b>	Asumir a responsabilidade sobre o desenvolvemento das tarefas e procesos técnicos encamiñados á dinamización e potenciación económica e laboral municipal, todo ilo dentro da súa capacitación profesional e baixo as directrices directas da Concellaría responsable
	Asumir o asesoramento e asistencia técnica especializada no eido do desenvolvemento local
	Encargarse da elaboración, aplicación e seguimento de programas, plans e actuacións no eido do desenvolvemento local
	Responsabilizarse da dinamización e vertebración das iniciativas de axentes sociais e económicos do Concello
	Encargarse da emisión de informes dentro do seu eido competencial e no marco da súa capacitación profesional
	Prestar colaboración, por necesidade ou requirimento, nos restantes asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra
<b>OBSERVACIÓN</b>	

“

A valoración da experiencia en relación con esta praza debe claramente diferenciarse doutras que existen no mesmo Departamento, en concreto a de Orientadora Laboral, que conta na RPT do Concello coas seguintes funcións específicas:

<b>CÓDIGO</b>	08.00.00.02
<b>DENOMINACIÓN</b>	ORIENTADOR/A LABORAL
<b>ÁREA DE ADSCRICIÓN</b>	DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO
<b>TIPO DE PERSOAL</b>	L
<b>CATEGORÍA</b>	S.C.
<b>GRUPO</b>	EQUIV. A2
<b>FUNCIÓN</b>	Prestar asesoramento en materia de emprego, formación e orientación e inserción no mercado laboral, tanto ao propio Concello como ao veciños que o requiran, todo ilo dentro da súa capacitación profesional e baixo as directrices directas da Concellaría responsable
	Encargarse da elaboración, aplicación e seguimento de programas, plans e actuacións orientadas á formación, ao fomento do emprego e a inserción laboral, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral

	Encargarse da emisión de informes, dentro do seu eido competencial, e no marco da súa capacitación profesional
	Prestar colaboración, por necesidade ou requirimento, nos restantes asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra
<b>OBSERVACIÓNS</b>	

Polo tanto, dentro do Departamento **de Promoción Económica e Emprego**, existen diversos postos nos que se concretan as funcións xerais de todo o Departamento, como pode observarse, inda que relacionados, os labores da ADL e da persoa encargada da orientación laboral, contemplan diferentes funcións.

Acudindo aos certificados achegados pola alegante, obsérvase o que segue respecto da seguinte experiencia alegada e non considerada como funcionalmente equivalente polo tribunal:

- 09-0  
096  
150  
-P-  
:F-  
:C
- Coordinadora de accións:” inda que as funcións “se realizaron dentro del “Plan Integral de desarrollo de los Servicios Sociales y de Proximidad” del Ayuntamiento de A Coruña; consistente en proyectos para la inserción laboral de desempleados, principalmente mujeres, en servicios de proximidad durante el período 2003-2007.” As funcións detalladas gardan relación coas funcións do posto de orientación laboral do Concello e non da ADL (“Encargarse da elaboración, aplicación e seguimento de programas, plans e actuacións orientadas á formación, ao fomento do emprego e a inserción laboral, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral”)
  - Técnica de prospección laboral: tratouse de labores no “proyecto “**Coruña Emprega**”, gestionado por el Servicio Municipal de Empleo del Ayuntamiento de A Coruña” con funcións como prospección de mercado laboral, xestión de oferta de emprego e itinerarios de inserción sociolaboral,etc, funcións propias do posto de orientadora laboral da RPT do Concello de Fene.
  - Técnica local de emprego:” proyecto “**Coruña Suma**” (APPOEFE), cofinanciado por el FSE y gestionado por el Servicio Municipal de Empleo del Ayuntamiento de A Coruña” con labores parellas ás do posto de técnica de prospección laboral, propias do posto de orientación laboral da RPT do Concello de Fene.

En base ao que antecede, o tribunal desestima as alegacións presentadas, ratificándose nas puntuación outorgadas a María Elvira Álvarez Salgado.”

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte relación de persoas que superaron o proceso selectivo para o seu nomeamento polo alcaldía como persoal laboral fixo, aplicando o criterio de desempate previsto na cláusula 11.2 das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización, á vista da maior puntuación obtida no apartado a) do mérito “experiencia profesional”:

Apelidos e nome	Puntuación
SOUTO CALVETE, María Belén	100,00

TERCEIRO.- Aprobar a seguinte lista complementaria e bolsa de emprego previstas na cláusula 12.1.3 das bases xerais e no apartado 3 da cláusula segunda das bases específicas do proceso:

Apelidos e nome	Puntuación
RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, María Ángeles	100
ÁLVAREZ SALGADO, María Elvira	90.80
CARBALLO CASTRO, Sergio	64.15
PEREDA SALGADO, Diana María	51.25
REGUEIRO PÉREZ, María Dolores	48.30
GÓMEZ CARBALLAL, Diego	47.95
DE LA PEÑA RODRÍGUEZ, María de la Paz	45.40
FERNÁNDEZ FELIZ, Elisa	40
CALVO TORQUEMADA, Eva María	40
REJES CANOURA, Isabel	40



LEMA GONZÁLEZ, Alba	0
MONTERO GÓMEZ, Ana María	0

-No prazo de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio destes acordos as persoas aspirantes que teñan superado o proceso selectivo e sido propostas para a súa selección e nomeamento/contratación, deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello (presencialmente ou a través da Sede e Rexistro Electrónicos), ou mediante calquera das restantes formas establecidas no art. 16.4 LPACAP a documentación prevista na cláusula 12.1.4 das bases xerais reguladoras do proceso.

No mesmo prazo deberán comunicar de que destinos, dos ofertados, solicitan a adxudicación e, no caso de que sexan varios os solicitados, deberán indicar a súa orde de preferencia.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas.

0-G  
360  
150  
P-  
F:  
C.I.